

Nº 18

Xoves, 25 de xuño de 2009. Revista oral de periodicidade trimestral, editada polo Museo Provincial de Lugo (da Rede Museística da Deputación de Lugo). Hora: **20 horas.** Lugar: **Refectorio** do Museo Provincial. Duración aprox.: **1:30 h.** Deseño gráfico e animación dixital: **tatata.** Coordina: **Antonio Reigosa**

SUMARIO

Portada musical

Tema: *A Idade do Ceu* (Drexler-Paulinho Moska)

Intérpretes: **Xabier Díaz e Guillermo Fernández (3')**

BlackBOX300 (I)

Proxecto fotográfico, por **Iago Eireos (10')**

Música

Tema: *Nubes* (Xabier Díaz-Guillermo Fernández)

Intérpretes: **Xabier Díaz e Guillermo Fernández (3')**

Teatro escolar (I)

Representación dun anaco da obra *A serpe da cova* (un divertimento). Montaxe a cargo do grupo de teatro "Algo máis que pan e queixo", do C.P.I. Dr. López Suárez, Friol (Lugo) (12')

BlackBOX300 (e II)

Proxecto fotográfico, por **Iago Eireos (10')**

Música

Tema: *A Seta e o Alvo* (Paulinho Moska)

Intérpretes: **Xabier Díaz e Guillermo Fernández (3')**

Teatro escolar (e II)

Representación dun anaco da obra *A serpe da cova* (un divertimento). Montaxe a cargo do grupo de teatro "Algo máis que pan e queixo", do CPI Dr. López Suárez, de Friol (Lugo) (12')

Música

Tema: *Manual do Señorito* (Maria Manuela-Manuel María)

Intérpretes: **Xabier Díaz e Guillermo Fernández (3')**

Debate: presentación e refutación

Dous equipos compostos por estudantes e coordinados por unha profesora do IES *Virxe dos Ollos Grandes*, de Lugo, debaten sobre o tema *Axuda ao desenvolvemento: Peixe ou Cana?* (16')

Música

Tema: *Há Mulheres* (Rita Ribeiro)

Intérpretes: **Xabier Díaz e Guillermo Fernández (3')**

Debate: conclusións

Dous equipos compostos por estudantes e coordinados por unha profesora do IES *Virxe dos Ollos Grandes*, de Lugo, debaten sobre o tema *Axuda ao desenvolvemento: Peixe ou Cana?* (6')

Música

Tema: *Pastora* (Xabier Díaz-Guillermo Fernández)

Intérpretes: **Xabier Díaz e Guillermo Fernández (3')**

Opinión

Intervención do público (3')

Epílogo

Por **Aurelia Balseiro**, directora do MPL (3')

Contraportada musical

Tema: *Salitre* (Xabier Díaz-Guillermo Fernández)

Intérpretes: **Xabier Díaz e Guillermo Fernández (3')**

COLABORAN NESTE NÚMERO

A serpe da cova (un divertimento)

Partindo dunha das lendas emblemáticas do noso concello (*A Cova da Serpe*), mesturando un feito histórico datado no ano 1637 relacionado coa procura de tesouros nas mámoas destas terras (recollido por *Vázquez Seixas* no seu "*Fortalezas de Lugo y su provincia*"); xogando coas liñaxes relacionadas co Señorío de San Paio, engadindo algunha pinga crítica coa actualidade, indo e vindo do pasado ao presente, e todo isto aderezado cun pouco de imaxinación e unha pequena dose de humor deu como resultado "A serpe da cova (un divertimento)" que, como indicamos no título, non deixa de ser un divertimento que nos permitiu iniciar unha andaina que esperamos sexa duradeira no tempo e ventureira nos logros. A obra foi estreada o 18 de maio pasado no Museo Etnográfico de San Paio de Narla. Reparto: **Ana Fariñas, Claudia Rodríguez, Estefanía Pena, Laura Ferro, Laura García, Lucía Cabado, María J. Lamas, Marta Blanco, Noelia Iglesias, Sara Martín, Silvia Loureiro.** Montaxe: "*Algo máis que pan e queixo*" (www.terrasdefriol.blogspot.com). C.P.I. Dr. López Suárez, de Friol (Lugo).

Grupo de debate do IES Nosa Señora dos Ollos Grandes, de Lugo.

A Liga Galega de Debate baséase na celebración dunha serie de debates entre os equipos presentados de xeito semellante a unha liga deportiva. A confrontación de argumentos con limitación de tempo e forma. O obxectivo é fomentar habilidades persoais tales como busca de información, expresión oral, o traballo en equipo, o respecto e a tolerancia. Homes e mulleres forman equipo e compiten en igualdade de condicións. Equipo A: **María López Quiroga** (acadou unha bolsa para facer Bacharelato Internacional en Gales e participou no concurso xornalístico de *El País*, quedando en 2º lugar co equipo do IES Nosa Señora dos Ollos Grandes) e **Cora Gutiérrez Castro.** Equipo B: **Sara Iglesias Vázquez** (Fai teatro e toca a batería), **Anxos Fazás Estévez** (Gañadora de varios premios literarios), Coordinadora: **Áurea María Penas Roibás** (Licenciada en Lingua e Literatura Galego-Portuguesa).

Xabier Díaz e Guillermo Fernández

Xabier Díaz e Guillermo Fernández, unha guitarra do sul e unha voz do norte, unha sorte de alquimia para facer cancións que traen as marés atlánticas. Os dous comparten proxecto no grupo *Berroguetto* e compartiron edición e posterior xira ao vivo do álbum "Músicas de Salitre" (2005). Preparan na actualidade nun novo traballo chamado "A Lírica do Silencio", máis cancións para un soño compartido. Estes homes participan e participaron en grande cantidade de proxectos sempre coa música no denominador, *Espido* (Guadi Galego-Guillermo Fernández), *Cantos na Maré* (2005-2008), *Descarga Galiza Cuba Ao Vivo* 2008, *Berroguetto*, *Nova Galega de Danza* ...

Iago Eireos

Lugo, 1980. Inicia os seus estudos artísticos en Lugo, na Escola de Artes Ramón Falcón (2000 - 2002), cursa o Ciclo Superior de Fotografía Artística obtendo o título de Técnico Fotográfico. Continua os seus estudos en Pontevedra e licénciase en Belas Artes pola Universidade de Vigo (2002-2008), recibe a bolsa Erasmus e cursa o terceiro ano na Universitatea de Arte George Enescu en Iasi, (Rumania). Actualmente cursa doutoramento en Belas Artes na Universidade de Vigo. Alternas os seus estudos artísticos con diversos cursos e bolsas. En 2004 realiza o Taller de Artista *Fotografía, Arquitectura e Cidade*, da man de Gabriel Basilico no CGAC. En 2005 realiza o *Obradoir de Arte Pablo Picasso* impartido por Agustín Ibarrola no Museo de Arte Contemporánea Unión Fenosa, na Coruña. No ano 2006 participa no taller de artista Mónica Alonso *De principio a fin: Procesos de intervención espacial* no Museo de Arte Contemporánea de Vigo. Ese mesmo ano, imparte como mestre o curso *A cámara dous nenos* no Museo de Lugo. Durante 2006 e 2007 reside en Córdoba como beneficiario da Bolsa Fundación Antonio Gala para Mozos Creadores. En 2007 intervéñen no *Taller Internacional de Arte Contemporánea Open Art 07* no Museo de Historia de Zaragoza. No ano 2008 realiza o *Curso de técnicas primitivas fotográficas* no taller *Boas Impresións*, en Marín. Colabora como artista invitado por *SONARTEnsemble*, XII Xornadas de Música Contemporánea de Córdoba. C.S.M *Rafael Orozco*, Córdoba. Cabe destacar entre os premios e bolsas obtidas o segundo premio no *Certame Galego de Artes Plásticas 97*, Xunta de Galicia. Seleccionado en *Na Vanguarda* nos anos 2004 e 2005. Primeiro premio de fotografía no GZ Crea 06. Primeiro premio no *XVIII Certame De Arte José Domínguez Guizán* en Begonte, Lugo. Bolsa *Iniciarte* da Xunta de Andalucía, co proxecto multidisciplinar *A Sociedade da Farándula*. Seleccionado para a mostra colectiva de TotArt de Picanya 07. *Intracity_08 art públic i mediació social* co proxecto *BlackBOX300*, Valencia. Premiado no I Concurso de Fotografía, FPJ 2008. Realizou as seguintes exposicións individuais: En 2008 *Epidermis* na Casa da Torre, Redondela. En 2005 *Umbra Alba* na Galería Aparte, Iasi, Rumania. En 2004 *Diálogos Coa Materia Corpórea*, no Museo de Lugo, Sala da Deputación Provincial. Entre as súas exposicións colectivas destaca: *Novos Valores*, Brión, 2009, *Proxecto Abertal*, Museo de Lugo, 2008. *TotArt de Picanya*, Valencia, 2008. *Open Art*, Museo de Historia de Zaragoza. 2007. *Lugares de Tránsito*, Xunta de Galicia, Lugo, 2007. *Outono Fotográfico de Ourense* 2006. *Sen Título*, Museo Contemporáneo Unión Fenosa, A Coruña, 2006. *Ars Moenia*, mostra itinerante por diversas cidades europeas durante os anos 2006 e 2005. Nos anos 2005 e 2004, *Na Vanguarda*, fundación Caixa Galicia, Santiago de Compostela. *Colectiva fin de ciclo*, Escola de Arte Ramón Falcón, Lugo, 2003. Nos anos 2002 e 2001 *Agora Foto*, Sala Uxío Novo Neira, Lugo. (www.iagoeireos.es).

.....